

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 13 de novembro de 2009 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión de determinados postos de persoal directivo pertencentes á estrutura directiva do Complexo Hospitalario de Pontevedra.

Convocada, por Orde do 8 de setembro de 2009 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión de determinados postos de persoal directivo no Complexo Hospitalario de Pontevedra (DOG nº 185, do 21 de setembro), esta consellería, de conformidade co previsto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, en exercicio das competencias que ten atribuídas,

DISPÓN:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión de determinados postos pertencentes á estrutura organizativa do Complexo Hospitalario de Pontevedra anunciada pola Orde do 8 de setembro de 2009 (DOG nº 185, do 21 de setembro).

Segundo.-Nomear nas prazas que se indican as persoas citadas no anexo desta orde, para os efectos do previsto no número 2º do artigo 59 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

Terceiro.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación. De non estimar a interposición deste recurso, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2009.

Mª Pilar Farjas Abadía
Conselleira de Sanidade

ANEXO

Posto: director asistencial.

Nome e apelidos: José Antonio Ortigueira Espinosa.
Centro: Complexo Hospitalario de Pontevedra.

Posto: director de Recursos Humanos e Relacións Laborais.

Nome e apelidos: José Ignacio Lema Piñeiro.
Centro: Complexo Hospitalario de Pontevedra.

Posto: director de Recursos Económicos e Servizos Xerais.

Nome e apelidos: Vicente García Fernández.
Centro: Complexo Hospitalario de Pontevedra.

Posto: director de centro.

Nome e apelidos: Tomás Ardid Posada.
Centro: Complexo Hospitalario de Pontevedra.

Posto: directora de centro.

Nome e apelidos: Trinidad Soto Herrero.

Centro: Complexo Hospitalario de Pontevedra.

Posto: subdirector de centro.

Nome e apelidos: José Andrés Seco Otero.

Centro: Complexo Hospitalario de Pontevedra.

Posto: directora de Enfermaría.

Nome e apelidos: Isabel Pérez García.

Centro: Complexo Hospitalario de Pontevedra.

Posto: subdirectora de Enfermaría.

Nome e apelidos: María Ana Portomeñe Vázquez.

Centro: Complexo Hospitalario de Pontevedra.

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 30 de outubro de 2009, da Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de concurso de méritos, dun posto de supervisor/a da Unidade de Urgencias de Adultos do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, Hospital Xeral.

De conformidade co establecido no capítulo VI do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e a Orde do 24 de maio de 2006 pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 311/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e da Orde do 15 de xuño de 2009 sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde (DOG nº 119, do 19 de xuño), o xerente do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo

RESOLVE:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de concurso de méritos, un posto de supervisor/a da Unidade de Urgencias de Adultos do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, Hospital Xeral, segundo se especifica no anexo desta resolución.

Segundo.-As bases da citada convocatoria estarán expostas nos taboleiros de anuncios das oficinas de persoal do complexo hospitalario e na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

Terceiro.-As solicitudes e a documentación anexa que conteña a xustificación dos requisitos e méritos alegados deberán presentarse en calquera dos rexistros do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, dirixidas ao xerente do complexo hospitalario, no prazo de 20 días naturais contados desde o día

seguinte ao da publicación do anuncio da presente convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderán presentarse a través de calquera dos rexistros previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vigo, 30 de outubro de 2009.

Francisco Soriano Paredes
Xerente do Complexo Hospitalario Universitario
de Vigo

ANEXO

Denominación do posto: supervisor/a da Unidade de Urgencias de Adultos do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, Hospital Xeral.

Grupo de clasificación: B.

Nº de vacantes: 1.

Resolución do 30 de outubro de 2009, da Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión, polo sistema de concurso de méritos, dun posto de supervisor/a da Unidade de Urgencias Pediátricas deste complexo hospitalario.

De conformidade co establecido no capítulo VI do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde e a Orde do 24 de maio de 2006, pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 311/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde e da Orde do 15 de xuño de 2009 sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde (DOG nº 119, do 19 de xuño), o xerente do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo,

RESOLVE :

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de concurso de méritos, un posto de supervisor/a de Unidade de Urgencias Pediátricas do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, segundo se especifica no anexo desta resolución.

Segundo.-As bases da citada convocatoria estarán expostas nos taboleiros de anuncios das oficinas de persoal do complexo hospitalario e na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

Terceiro.-As solicitudes e a documentación anexa que conteña a xustificación dos requisitos e méritos alegados, deberán presentarse en calquera dos rexistros do Complexo Hospitalario Universitario de

Vigo, dirixidas ao xerente do complexo hospitalario, no prazo de 20 días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderán presentarse a través de calquera dos rexistros previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vigo, 30 de outubro de 2009.

Francisco Soriano Paredes
Xerente do Complexo Hospitalario Universitario
de Vigo

ANEXO

Denominación do posto: supervisor/a da Unidade de Urgencias Pediátricas do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

Grupo de clasificación: B.

Nº de vacantes: 1.

Resolución do 30 de outubro de 2009, da Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión, polo sistema de concurso de méritos, dun posto de supervisor/a da Unidade de Psiquiatría, planta 5ª, do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, Hospital Nicolás Peña.

De conformidade co establecido no capítulo VI do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde e a Orde do 24 de maio de 2006, pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 311/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde e da Orde do 15 de xuño de 2009 sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde (DOG nº 119, do 19 de xuño), o xerente do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo,

RESOLVE :

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de concurso de méritos, un posto de supervisor/a da Unidade de Psiquiatría, planta 5ª, do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, Hospital Nicolás Peña, segundo se especifica no anexo desta resolución.

Segundo.-As bases da citada convocatoria estarán expostas nos taboleiros de anuncios das oficinas de